



**PLAN DE CONTINXENCIA
DA COVID-19
CEIP ADR CASTELAO**

CURSO 2020 - 2021

ÍNDICE

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

2.- ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

3.- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

4.- PLAN DE ENSINO VIRTUAL

5.- PLAN DE ENSINO VIRTUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

6.- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

1.- CONTEXTUALIZACIÓN.

Segundo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020/2021 VERSIÓN 31/08/2020 publicado pola Consellería de Educación, como se recolle no apartado 2.1 dos Principios Sanitarios Básicos, o centro educativo elaborará un “Plan de Continxencia” de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ao Protocolo citado e ao Plan de Adaptación Covid 19 do Ceip ADR Castelao as medidas axeitadas e os procesos requiridos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

2.- ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO.

1.- **Non asistirán ao Centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles coa Covid-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19. **É compromiso individual e particular de toda a Comunidade Educativa do Ceip ADR Castelao a realización previa da “Autoenquisa da sintomatoloxía Covid”** antes de entrar ao centro educativo, así como de poñer en coñecemento do Equipo Covid do Ceip ADR Castelao a existencia de tales síntomas.

2.- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumnado do que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual (**Aula de illamento**), colocarásele unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e **contactarase coa familia**, no caso de afectar a alumnado, seguindo o apartado do Plan de Adaptación do CEIP ADR Castelao que corresponde á xestión de gromos.

3.- As familias do alumnado que presentase síntomas, deben vir ao centro a buscar ao fillo/a ou tutelado/a e chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguirán as súas instrucións.

En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

No caso de ser un traballador/a o/a que inicie síntomas, debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4.- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da visilancia evolutiva da persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contacto estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

5.- A familia dun neno ou nena con **sospeita de contaxio, non acudirá ao centro e deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de **solicitude dun test diagnóstico**. Se non houbese cita para ese mesmo día,

acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6.- Tras a aparición dun caso diagnosticado da Covid-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade. Sendo posible que nun centro teña que **estar illada unha parte do centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo. Seguirase o apartado de Xestión dos gromos do Plan de Adaptación do Ceip ADR Castelao a disposición de toda a Comunidade Educativa na web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastelaoordes/>

7.- A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo Covid do centro (a través da aplicación EDUCovid) para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8.- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición **dun único caso** confirmado nunha aula poderá supoñer a **entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado** a ese grupo.

9.- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no Protocolo e no Plan de Adaptación do Centro, así como do presente documento relativas ao **ensino a distancia**.

3.- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da Aula Virtual de cada grupo. O/A mestre/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes **medidas**:

- **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

- **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

- **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro a través da empresa de limpeza dependente do Concello.

- **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

- **Coordinar** co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

4.- PLAN DE ENSINO VIRTUAL.

Coa finalidade de garantir o dereito á educación de todo o alumnado e a súa equidade no acceso ao proceso de ensino-aprendizaxe, establécense as seguintes medidas (en consonancia coas establecidas no PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19 elaborado pola Consellería de Educación con data de 2 de novembro do 2020):

1.- No caso de Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria:

1.1.- As ferramentas que se empregarán para dar continuidade ao proceso de ensino-aprendizaxe, será a Aula Virtual

do centro, o correo electrónico, o teléfono ou algunha outra aplicación de mensaxería que se empregue habitualmente. Non obstante, no caso de así o determine o profesorado, tamén se poderán empregar algunha ferramenta de videoconferencia. Neste caso, e dada a idade do alumnado, non se concretan horas para cada unha das sesións e a metodoloxía de traballo será globalizada e consistirá, principalmente, na presentación de tarefas que reforsen o contido das áreas/materias.

1.2.- Para concretar titorías co profesorado, será o mestre/a titor/a quen especifique o modo de facelo.

2.- No caso do alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria:

2.1.- O horario que seguirá o alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria axustarase o máximo posible á realidade das clases presenciais. Tendo que adicar aproximadamente un 60% do horario á docencia virtual e aproximadamente un 40% a tarefas do alumnado.

Non obstante, **no caso de que o confinamento sexa parcial** (é dicir, que non sexa todo o centro, senón que haxa un neno/a en cuarentena, ou un grupo de alumnos/as dunha aula en cuarentena ou unha aula completa en cuarentena) **o profesorado especialista poderá facer as modificacións que considere oportunas coa finalidade de dar continuidade ás sesións das outras titorías nas que ten que seguir impartindo docencia presencial.**

- En relación ao alumnado de 3º a 6º de EP, haberá un tempo de titoría para que as familias que o desexen, contacten co profesorado do seu fillo/a, tutelado/a. Ese horario será de luns a venres, de 9:00 a 9:30 e de 13:30 a 14:00 (será necesario consensuar previamente por correo electrónico, Abalarmobil ou aplicación telefónica de mensaxería que se soa empregar, o día e hora).

(PÓDESE VER O **MODELO/exemplo DE HORARIO XERAL A SEGUIR POLO ALUMNADO DE 3º A 6º DE E.P. A CONTINUACIÓN**)

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	ACTIVIDADE
09:00-09:30						TRABALLO PERSOAL
9:30-10:15						CONEXIÓN 1
10:15-10:45						ESPECIALIDADES
10:45-11:10	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
11:10-11:30	HORA DE LER	HORA DE LER	HORA DE LER	HORA DE LER	HORA DE LER	TEMPO DE LECTURA
11:30-12:15						CONEXIÓN 2
12:15-12:45						ESPECIALIDADES
12:45-13:30						CONEXIÓN 3
13:30-14:00						TRABALLO PERSOAL

** segundo o artigo 4º apartado 7 da resolución pola que se ditan instrucións para a elaboración dos horarios, debe existir unha sesión semanal para a tutoría coas familias e unha sesión semanal para a tutoría co alumnado.

Cada titor/a concretará e comunicará ao seu alumnado (e familias) as peculiaridades do horario a seguir e personalizará o horario (MODELO) adaptando as sesións nas que non teñan especialidades á labor que considere máis axeitada.

3.- No tocante ao control de asistencia (especialmente de 3º a 6º de EP), será responsabilidade de cada mestre/a titor/a levar o rexistro da participación/asistencia do seu alumnado (no caso de que haxa alumnado con problemas de conectividade, terase en conta que esas dificultades non poden supoñer a consideración de “falta de asistencia” e haberá que intentar contactar a través dalgún outro medio).

4.- Semanalmente, cada mestre/a titor/a en colaboración co profesorado especialista, fará chegar á Xefatura de Estudos do centro un modelo Excel cuberto (ou plantilla) no que indique as actividades desenvoltas, posibles incidencias técnicas e datos sobre a participación do alumnado.

5.- Dende o centro xa se informou á Inspección Educativa das dificultades en canto á dispoñibilidade de recursos TICs dalgunhas familias. No caso de confinamento, consultarase se esas dificultades se manteñen, estudarase cada un dos casos de xeito concreto e procederase á distribución de medios informáticos para o alumnado con dificultades de acceso á rede. No caso de existir máis familias con necesidades que equipos dispoñibles, priorizarase ao alumnado de cursos altos e a familias con varios/as irmáns/irmás.

6.- Mecanismos de avaliación e control. (Pendente de concreción por parte das autoridades pertinentes).

Este documento trasladarase á comunidade educativa a través da páxina web do centro.

5.- PLAN DE ENSINO VIRTUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1.- Xustificación

Ante a posibilidade de confinamento do alumnado a causa da covid-19, o departamento de orientación especifica as canles de comunicación con familias, alumnado e profesorado, así como o horario de atención dos especialistas.

2.- Liña de traballo en caso de confinamento

A vía preferente de contacto será a través da aula virtual do centro, valorando o emprego de material específico previamente elaborado para o caso de confinamento, e sempre en total coordinación co mestre titor/a.

En caso de confinamento, o profesorado do DO atenderá á totalidade do alumnado neae. Procurarase establecer contacto semanal co alumnado vía telefónica, aula virtual, correo electrónico, a través do titor/a (xa que en xeral enviouse previamente material impreso ao domicilio do alumnado), e/ou por videoconferencia.

Asimesmo, diariamente, o profesorado do DO terá reservada no seu horario unha sesión de titoría coas familias do alumnado neae, e outra sesión de titoría co alumnado que sexa necesario. No caso de 3º nivel de Educación Primaria en diante, apórtase un horario segundo o establecido pola consellería no Plan de Ensino Virtual ante a Covid-19. Con este horario pretenderase prestar unha atención educativa a todo o alumnado neae, valorando sempre as individualidades e casos específicos, de ser preciso para establecer modificacións.

3.- Horarios dos especialistas do DO 3º a 6º nivel de Educación Primaria.

Horario de AL: Os luns de 10:15 a 10:45 a especialista conectará mediante as canles arriba indicadas co alumnado neae de 3ºC. Os mércores de 10:15 a 10:45 farao co alumnado neae de 3º A.

Horario de PT 1: Os luns de 12:15 a 12:45, e os martes de 10:15 a 10:45, a especialista conectará mediante as canles arriba indicadas co alumnado neae de 3ºC.

Horario de PT 2: Contactarase co alumnado en horario de luns a venres de 10:15 a 10:45, e de 12:15 a 12:45, cando sexa necesario e tendo en conta as individualidades e características de cada alumno/a, así como as pautas dos titores.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00	Titoría coas familias				
9:30 (clases ordinarias)					
10:15 (especialistas)	5ºB	6ºC	4ºA	4ºC	5ºC
10:45 (Recreo)					
11:10 (hora de ler)					
11:30 (clases ordinarias)					
12:15 (especialistas)	6ºB	6ºA	3ºB	3ºA	5ºA
12:45 (clases ordinarias)					
13:30 (Traballo persoal e titoría co alumnado)	Traballo persoal e titoría co alumnado				

O orientador estará dispoñible para o contacto por vía telefónica, e-mail, videoconferencia durante todo o horario lectivo e de forma totalmente flexible, como é habitual.

6.- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade

lectiva, tal e como se recolle no Plan de Adaptación do CEIP ADR Castelao.

O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

O modelo proposto establece catro fases, tal e como recolleemos na táboa seguinte:

FASE 1 ADECUACIÓN DOS ESPAZOS	FASE 2 FORMACIÓN DE PEQUENOS GRUPOS	FASE 3 REFORZO DAS MEDIDAS APRENDIDAS EN PEQUENOS GRUPOS	FASE 4 FASE DE REACTIVACIÓN
<p>DURACIÓN: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Análise da situación dos espazos e as súas necesidades. - Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuindo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles. - Redefinición dos circuitos de circulación interna. - Reorganización das quendas de 	<p>DURACIÓN: 1 SEMANA A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans. - Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase. - Utilización do espazos e circulación da alumnado polos corredores do centro. - Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico 	<p>DURACIÓN: 1 SEMANA. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuará formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva. - Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos. 	<p>DURACIÓN: 1 SEMANA A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% , se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reforzo e fomento de hábitos aprendidos. - Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado.

recreo para que se realicen de forma graduada.	no recreo. - Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-COV-2		
--	---	--	--

Finalmente, **salientar a responsabilidade de todas as persoas a nivel individual que forman a Comunidade Educativa de contribuir ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas, encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19.**

Este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellería) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que o Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.

Actualización novembro do 2020.